


## Relacións institucionais

<b>D.X. de Ordenación do Territorio</b>	<b>MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA LEI DO SOLO DE GALICIA (LSG)</b> En fase de consulta previa á modificación, <b>FEARMAGA achegou as súas consideracións</b> ao respecto da necesidade de recoller o réxime especial establecido na DT4ª da LSG para as construcións e instalacións forestais situadas en solo rústico e existentes a 01/01/2003, que facilita a realización de obras de conservación, reforma e ampliación. A petición de FEARMAGA débese a que, no vixente Regulamento, non se recolle de modo literal e ten xerado confusión á hora da interpretación da normativa así como demoras na obtención de licenzas.
<b>Ordenanzas municipais</b>	<b>ORDENANZAS MUNICIPAIS REGULADORAS DA SACA E TRANSPORTE DE MADEIRA</b> En defensa dos intereses dos seus asociados, <b>FEARMAGA presentou alegacións</b> ás aprobacións provisionais da ordenanza reguladora da saca e transporte do Concello de <b>Trasmiras</b> e á modificación da ordenanza de xestión da biomasa do Concello de <b>Tomioño</b> .

## Servizos prestados a socios

	<b>REUNIÓN COMARCAL DOS SOCIOS DA ZONA DE SANTIAGO</b> Os socios de APRALCO da zona de Santiago reuníronse o 09/11, o encontro serviu para intercambiar opinións e analizar as dificultades e necesidades que se atopan as empresas no seu día a día á hora de exercer a actividade madeireira. Os asuntos que xeraron máis interese foron os novos permisos de corta e a rescisión obrigatoria de consorcios e convenios entre a Xunta de Galicia e as comunidades de MVMC
---	--

## Actividades formativas e divulgativas

Concluíu a execución do **Plan de formación e divulgación sectorial 2018 de FEARMAGA** coa celebración das seguintes accións:



- ❑ **CURSOS VÁLIDOS PARA AXUDAS FEADER** - Santiago de Compostela
  - Manexo e mantemento de tractores forestais (25-27/10)
  - Manexo e mantemento de colleitadoras forestais (15-17/11)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)



- ❑ **XORNADAS INFORMATIVAS SOBRE PERMISOS DE CORTA**
  - Santiago de Compostela (30/10)
  - Verín (06/11)
  - Pontedeume (08/11)
  - Pontearreas (13/11)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)





- ❑ **VISITA DE DELEGACIÓN DE EMPRESARIOS CHILENOS** (22-23/10)
- ❑ **CAMPAÑA ESCOLAR ÁRBORES QUE DAN VIDA:** Santiago de Compostela (14/11)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Ver [fotos e nota de prensa](#)

Financia:  **AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**  **XUNTA DE GALICIA**

## Reserva a túa praza!



### **CURSOS XANEIRO 2019: VÁLIDOS PARA AS AXUDAS FEADER**

- Realización de inventarios de vexetación (16, 17 e 18 de xaneiro)
- Posta en marcha e mantemento da motoserra (23, 24 e 25 de xaneiro)

**Inscríbete!:**





981568390



[informacion@maderasdeg Galicia.com](mailto:informacion@maderasdeg Galicia.com)

## Novidades!

	<b>PRÓXIMA CONVOCATORIA DE AXUDAS FEADER 2019 E NOVO BAREMO</b> Haberá novidades no baremo de aplicación que incluírá moitas das propostas formuladas por FEARMAGA: incremento da puntuación das procesadoras (igual á dos autocargadores), mantemento da puntuación das empresas da zona demarcada polo nematodo, eliminación da valoración do importe do volume de vendas e de contratos para facilitar o acceso ás axudas das pequenas empresas, etc. Ver <a href="#">novo baremo</a> Lembra, <b>FEARMAGA pode tramitarchas!</b>
	<b>PRÓXIMA CONVOCATORIA DE AXUDAS VALORIZA 2019</b> Tamén se convocarán axudas dotadas con fondos propios da Xunta de Galicia e que, atendendo a unha demanda de FEARMAGA, permitirán que os procesos de serra que non teñen cabida en Feader poidan ser beneficiarios de axudas. Lembra, <b>FEARMAGA pode tramitarchas!</b>



[Árbores que dan vida](#)



[@fearmaga](#)